

FUNCIONARIZACIÓN ESCALAS DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

Santiago de Compostela 29/10/2021

Publicados hoxe en DOG os Acordos das comisións de **funcionarización** das seguintes escalas:

- Auxiliar do SPIF, do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da CA de Galicia, subgrupo C2, de diversas categorías e postos pertencentes aos grupos IV e V do V CCU.
 - Día: 28 de novembro de 2021.
 - Hora: 16.00 horas.
 - Lugar: pavillón nº 1 do recinto da Feira Internacional de Galicia en Silleda.
- Técnica do SPIF, especialidade de bombeiro/a forestal xefe de brigada, do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial, grupo B, polo persoal laboral fixo pertencente á categoría 100 do grupo III do V CCU.
 - Día: 27 de novembro de 2021
 - Hora: 10.00 horas.
 - Lugar: salón de actos da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela (avda. Dr. Ángel Echeverri s/n, Santiago de Compostela).

IMPORTANTE:

- As persoas **aspirantes deberán ir provistas** de:
 - DNI ou doutro documento fidedigno que, a xuízo da comisión, acredite a súa identidade.
 - Bolígrafo de cor azul ou negra.
- **Uso de textos legais sen comentarios:**
 - As persoas aspirantes poderán servirse de textos legais sen comentarios.
 - Admitiranse as súas **versións consolidadas**, aquelas nas cales figuren notas de vixencia e/ou referencias cruzadas a outras normas e os **subliñados simples**.
 - **Non se poderá acudir** á realización da proba con **reproducións da batería de preguntas** publicada na páxina web de Función Pública. Se as persoas aspirantes acudisen á proba con **este material ou con outro non autorizado** polas bases ou pola comisión, **seralles retirado** antes ou durante a súa realización. No suposto de que algunha persoa **aspirante fixese uso** do material descrito durante a realización da proba, a comisión poderá decidir a súa inmediata **expulsión**.
- Será **obligatorio o uso da máscara** durante toda a realización da proba, agás cando se trate de persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo seu uso, neste caso deberán achegar á DX da Función Pública a correspondente **xustificación no prazo de 5 días, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo no DOG**, de non facelo, non se permitirá o acceso sen a máscara.
- **Non se permitirá o acceso** á aula en que se realice a proba con **teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes** ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización dela, **nin se habilitará ningún servizo de recollida** dos devanditos dispositivos.